

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-20

CENTRO: CEIP DA POBRA DO BROLLÓN
DEPARTAMENTO: ADORACIÓN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
CURSO: GRUPO 1º E 2º DE PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ
DEPARTAMENTO: ADORACIÓN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
DATA:11/05/2020 USUAR

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Castelá 1º | | |
|--|--|--------------------|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias clave |
| B1.9 | LC1.9.1 Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. | CCL / CSIEE |
| | LC1.9.2 Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba | CCL |
| B2.1 | LCB2.1.1 Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. | CCL |
| B3.1 | LCB3.2.1 Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas. | CCL |
| | LCB3.2.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ... | CCL/ CAA |
| | LCB3.3.3 Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. | CCL |
| B3.2 | LCB3.2.1 Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. | CCL /CD / CAA |
| B3.3 | LCB3.3.1 Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas... | CCL /CAA |
| | LCB3.3.2 Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos. | CCL |
| B4.1 | LCB4.1.6 Distingue xénero e número en palabras habituais. | CCL |
| | LCB4.1.3 Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia. | CCL |
| | LCB4.1.2 Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética | CCL |
| | B4.1.7 Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos. | CCL |
| B4.2 | LCB4.2.1 Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas. | CCL |
| B4.3 | LCB4.3.1 Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos. | CCL |
| B4.4 | LC B4.4.1 Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos. | CCL/CAA |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Castelá 2º

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
|------------------------|--|---------------------|
| B1.6 | LC B 1.6.1 Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. | CCE / CAA /CD |
| | LCB 1.6.2 Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. | CCL /CD / CAA / CSC |
| B2.1 | B2.1.1 Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. | CCL |
| | B2.1.2 Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil. | CCL |
| B2.2 | B2.2.1 Identifica o tema dun texto sinxelo. | CCL /CAA |
| | B2.2.2 Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | CCL/ CAA |
| B2.7 | LCB2.7.2 Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade. | CCL /CAA/CSC |
| B2.8 | LCB2.8.1 Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información. | CC/ CD /CAA |

| | | |
|-------|--|--------------|
| | | |
| B3.1 | LCB3.1.1 Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... | CCL /CD /CAA |
| | LCB3.1.2Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc. | CCL /CAA |
| B.4.1 | LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. | CCL |
| B4.2 | LCB4.4.1 Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. | CCL |
| | LCB4.4.2 Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. | CCL |
| | LCB4.4.3 Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | CCL |

2. Avaliación e cualificación

| | |
|----------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos: O traballo do 3º trimestre, tal e como indica a instrución referida anteriormente estivo encamiñado ao reforzo e recuperación e ampliación para a adquisición das competencias clave e dos contidos dados ata o momento.</p> <p>Unha vez que todo o alumnado contou co material informático necesario, e estivo en condicións de acceder a aula virtual introducíronse aqueles contidos que consideramos imprescindibles, e aos que o alumnado podía acceder a través de medios telemáticos. Estes contidos están relacionados cos mínimos esixibles</p> <p>En relación aos criterios para valorar o traballo desenvolvido no 3º trimestre teranse en conta o traballo elaborado polo alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">• A entrega das tarefas pedidas: A puntualidade e interese na entrega das tarefas, así como o seguimento do traballo diario.• A valoración positiva da realización desas tarefas, así como o seu interese en preguntar dúbidas, e facer os traballos ben.• A presentación dos seus traballos: claridade, orde, limpeza.• A coherencia dos traballos axeitada ao seu nivel, estrutura organizada, corrección ortográfica, puntuación e creatividade. |
| | <p>Instrumentos: A análise do traballo do alumnado a través do material fotocopiado que se lle entregou no momento da declaración do estado de alarma. (Fichas de reforzo e recuperación)</p> <p>Rúbrica para valorar o traballo desenvolvido polo alumnado a partir do 3º trimestre Anexo I</p> |
| Cualificación final | <p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: Calcularase a media das dúas primeiras avaliacións. A esta media engadiráselle ata un máximo de dous puntos que se obterán da valoración dos traballos realizados durante o período de confinamento. En ningún caso restará á puntuación acadada na media das dúas primeiras avaliacións, polo que a valoración do alumnado polos traballos realizados neste terceiro trimestre partirá de 0 a un máximo de dous puntos. Estes dous puntos acadaranse atendendo á unha rúbrica que conterá os criterios sinalados anteriormente- (Anexo I)</p> |

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| Actividades | <p>Actividades de recuperación e reforzo: Este tipo de actividades prolongouse con este alumnado tendo en conta que no grupo hai alumnado con dificultades que chegou ao centro no segundo trimestre.</p> <p>Un alumno en primeiro que non ten adquirida a competencia lectoescritora. Con este alumno continouse con actividades de reforzo dirixidas á adquisición da competencia lectoescritora, o libro acompañado de material fotocopiado para o reforzo e a adquisición desta competencia que se considera prioritaria para acceder aos contidos das demais materias.</p> <p>Tamén se organizou material de reforzo e recuperación especialmente dirixido ao razoamento lóxico e á comprensión lectora para o alumno de 2º que chegou ao centro no 2º trimestre.</p> <p>Actividades de repaso e ampliación: Combínanse as actividades de repaso naqueles contidos e competencias que consideramos importantes afianzar nesta etapa como a lectoescritura e o razoamento matemático.</p> <p>Unha vez que todas as familias contan con acceso a internet e á aula virtual titorízanse dende aquí os traballos no libro de texto, introducindo aquelas actividades de ampliación que nos parecen imprescindibles e que a súa vez están reforzando unha boa adquisición do dominio das áreas instrumentais.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>O grupo está formado por <u>8 alumnxs: 4 de 1º e 4 de 2º</u> que dispoñen de conexión a internet diariamente, a través de táblet ou dun ordenador.</p> <p>Contamos cun grupo especial de alumnado procedente da escola fogar de Ferreirúa. Este alumnado presentaba certa dificultade para usar a aula virtual polo que se acordou a opción de titorizar o traballo a través de correo electrónico, organizándolles o traballo por semana. Os profesores enviarán o traballo o luns, o venres recibirán un pequeno resumo do traballo desenvolvido, e dificultades atopadas, para continuar os mestres co traballo da semana seguinte.</p> <p>Para a entrega de traballos fotocopiados tamén contamos coa colaboración do concello (Área de servizos sociais) para fotocopiar</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>os materiais a aquelas familias que non dispoñen de fotocopiadora nas súas casas así como a entrega dos materiais fotocopiados.</p> <p>Neste grupo realizouse co alumnado de 1º e 2º da casa de acollida da Ferreirúa, especialmente co alumno de primeiro con dificultades de lectoescritura.</p> <p>Tamén se lle entregou o material fotocopiado dende este servizo a unha alumna de 2º dunha familia da localidade en risco de exclusión..</p> <p>Co resto do alumnado que non procede da Ferreirúa a ferramenta fundamental empregada é a aula virtual, dende a que organiza e titoriza o traballo.</p> <p>Existe comunicación fluída con todas as familias do grupo a través de teléfono, whatsapp ou abalar mobil.</p> <p>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de <u>actividades de aprendizaxe integradas</u> que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Baseámonos así nunha perspectiva construtivista da aprendizaxe.</p> <p>Debemos destacar a importancia na etapa de primaria do xogo como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas.</p> |
|--|---|

| 1. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | As programacións colgaranse na páxina web e posteriormente enviarase o enlace coa información ás familias. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |